



PLAN DIXITAL

CEP Campolongo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro de Educación Primaria Campolongo

Código de centro: 36006420

Rúa Xeneral Rubín nº3, 36001 Pontevedra.

NIF: Q-8655216-C

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampolongo/>

Etapa educativa: Educación Primaria.

Nº alumnado: 448

Nº profesorado: 33

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEP Campolongo é un centro de ensino público localizado no barrio de Campolongo da cidade de Pontevedra. O nivel socioeconómico da zona é medio, medio-alto; cunha poboación que se adica fundamentalmente ao sector servizos.

A incardinación do Plan Dixital no Proxecto Educativo enmárcase na tendencia presente de incremento no uso das novas tecnoloxías aplicadas ao proceso de ensino aprendizaxe. No vindeiro curso 2022/2023 terase en conta o PD á hora de elaborar e desenvolver a Programación Xeral Anual 2022/2023.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital componse de sete persoas: xefe de estudos, coordinador TIC, coordinadora do Plan Dixital e catro membros do equipo de elaboración do mesmo) e mantivo reunións frecuentes e necesarias para a elaboración das diversas tarefas do proceso de elaboración do PD.

Ditas reunións leváronse a cabo no marco dun PFPP denominado Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital. Os pasos que se seguiron foron os seguintes:

1º. Proceso de autoavaliación SELFIE.

- 2º. Realización do test CDD.
- 3º. Análise DAFO.
- 4º. Establecemento de obxectivos do Plan de Acción.
- 5º. Redacción final do Plan Dixital de Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A situación de partida do CEP Campolongo en canto á infraestrutura, equipamento e servizos dixitais é a seguinte:

- Todas as aulas (25) contan con conexión a Internet cableada e/ou sen fíos.
- Os departamentos/titorías de 1º e 3º ciclo ontan con conexión a Internet cableada e/ou sen fíos.
- As especialistas contan cun equipo portátil.
- O centro conta con dúas aulas de informática con 25 e 27 postos respectivamente, seis aulas E-Dixgal, dixitalización da biblioteca co programa MEIGA (2 ordenadores de xestión e 4 de consulta), 1 en orientación, 2 ordenadores na sala de mestras, 3 ordenadores nos despachos do equipo directivo, 1 en administración e 1 en conserxería. Ademáis, o centro conta con ordenadores de fenda dixital.
- O pavillón conta con conexión a internet.
- Servizos dixitais educativos: correo electrónico corporativo, Aula Virtual, páxina web de centro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil.
- Actualmente, o centro conta cun servizo externo de mantemento do equipamento informático do centro, xunto co Soporte Premium E-Dixgal e a UAC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Resumos das áreas do Informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,4	-	-	-	-
	Profesorado	3	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3	-	-	-	-
	Profesorado	2,7	-	-	-	-
	Alumnado	3,8	-	-	-	-
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3,6	-	-	-	-
	Profesorado	3,8	-	-	-	-
	Alumnado	4,3	-	-	-	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7	-	-	-	-
	Profesorado	3,7	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
E- Pedagogía:	Equipo Direct.	3	-	-	-	-

Apoio e Recursos	Profesorado	4	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,5	-	-	-	-
	Profesorado	3,5	-	-	-	-
G- Prácticas de avaliación	Alumnado	3,7	-	-	-	-
	Equipo Direct.	2,3	-	-	-	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Profesorado	3,1	-	-	-	-
	Alumnado	-	-	-	-	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,4	-	-	-	-
	Profesorado	3	-	-	-	-
	Alumnado	4,4	-	-	-	-

Test CDD:

Táboa 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	23	73,9 %
OUTROS	0	1	0 %
PROVISIONAL	6	8	75 %
SUBSTITUTO	2	5	40 %

Táboa 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
102,7	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

Táboa 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	107,5	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

Táboa 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4 %
A2	7	28 %
B1	5	20 %
B2	3	12 %
C1	4	16 %
C2	5	20 %
TOTAL	25	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Boa infraestrutura no centro. - Boa cantidade de dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza. - Bo acceso a Internet. - Axeitada asistencia técnica. - Boa cantidade de dispositivos para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Insuficiente xestión da protección de datos nos equipos de uso compartido.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado recoñece a necesidade de formación continua. - Considerable participación no DPC. 	<ul style="list-style-type: none"> - Baixo nivel de coñecemento e uso das novas modalidades de ensino. - Non hai boa avaliación do progreso. - Escaso nivel de debate sobre o uso da tecnoloxía. - Escasa colaboración entre o profesorado dentro e fora da organización. - Baixo intercambio de experiencias. - Baixa creación de recursos dixitais. - Baixo emprego das contornas virtuais de aprendizaxe. - Baixo nivel de comunicación coa comunidade educativa. - Baixo fomento da creatividade. - Falta de proxectos interdisciplinares. - Baixa avaliación das capacidades do alumnado. - Insuficiente retroalimentación. - Insuficiente autorreflexión sobre a aprendizaxe. - Insuficiente coavaliación e heteroavaliación.
	PERSOAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Boa dispoñibilidade dos dispositivos dixitais para a docencia. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comportamento non seguro dos estudantes. - Comportamento non responsable. - Non verificación da calidade da información. - Non outorgamento do recoñecemento ao traballo dos demais. - Baixa creación de contidos dixitais. - O alumnado debe aprender a comunicarse empregando as novas tecnoloxías.
	FAMILIAS	-	-
	OFERTA	-	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	-	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorable estratexia dixital. - Non hai unha boa avaliación do progreso.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Alta posibilidade de acceso aos recursos educativos en liña. 	<ul style="list-style-type: none"> - Insuficientes sistemas de protección de datos. - Falta de tempo do profesorado. - Insuficiente competencia dixital do profesorado. - Baixo compromiso do profesorado. - Excesiva burocratización do ensino.
	LEXISLACIÓN	-	<ul style="list-style-type: none"> - Excesiva burocratización do ensino. - Falta de tempo do profesorado.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - As novas tecnoloxías son motivadoras para o alumnado. 	-
	ANPA	-	-
	OUTRAS ENTIDADES	-	-

3. Plan de Acción

O Plan Dixital elabórase tendo en conta os recursos materiais e humanos cos que se conta no momento da elaboración deste documento.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación detállanse os obxectivos, indicadores e accións escollidos para o Plan de Acción a partir da análise DAFO.

[Ver táboas de obxectivos 1, 2, 3 e 4]

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

EQUIPAMENTO	UBICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
10 PDI	Aulas EP Aulas PT	Sustitución de equipo averiado e/ou obsoleto. Inexistente e necesaria nas aulas PT.
1 aula E-Dixgal	-	Necesario para o proxecto E-Dixgal
2 AulaMóbil (50 postos)	Unha por ciclo	Inexistente e necesario para a realización dos obxectivos programados (competencia dixital) Mellora da función docente.
10 tabletas	Dpto Orientación	Mellora da función docente.
19 portátiles de aula	Aulas EP	Sustitución de equipos obsoletos (ano de fabricación entre 2009 e 2017)
Armario RAC	Sala Máquinas, Secretaría	Modernización do armario RAC, especialmente os situados en Secretaría e Sala de Máquinas.
3 televisión interactiva	Dpto Orientación	Mellora da atención das NEE nas aulas de AL e PT.
Proxector interactivo	Educación Física (Ximnasio)	Mellora da función docente. Inexistente e necesario para a realización dos obxectivos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 1: (1)	Incrementar a capacidade do profesorado para resolver problemas diarios relacionados co hardware e software da súa aula.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de incidencias no rexistro de incidencias TIC					
Valor de partida: (3)	130 incidencias (valor estimado a 10/05/2022)					
Valor previsto e data: (4)	90 incidencias			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Análise das principais demandas do profesorado a través do rexistro de incidencias TIC do curso 2021/2022	- Equipo directivo - Coordinadora TIC	30/09/2022	- Libro de incidencias 2021/2022 - Espazo de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación do profesorado a través dun PFP: Resolución de incidencias TIC diarias na aula.	- Equipo directivo - Coordinadora TIC	31/12/2022	- Materiais: Equipos informáticos, funxibles...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comparar rexistro do curso 2021/2022 con 2022/2023 para ver se existe unha redución no número de incidencias TIC básicas.	- Equipo directivo - Coordinadora TIC	30/06/2023	- Libro de incidencias 2022/2023 - Espazo de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula e Competencias dixitais do alumnado

OBXECTIVO 2: (1)	Creación dun itinerario de alfabetización dixital do alumnado.	Acadado
Responsable:	Equipo directivo	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Itinerario de alfabetización dixital do alumnado de 1º a 6º EP.	
Valor de partida: (3)	Non existe ningún itinerario desde tipo	
Valor previsto e data: (4)	Itinerario elaborado	30/05/2023

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Creación dun equipo de traballo con representación de todos os ciclos.	- Equipo directivo - Coordinadora TIC - Representantes dos ciclos.	30/09/2022	- Espazo de reunión. - Materiais: equipos informáticos, funxible...		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Elaboración do Itinerario: Plan de formación transversal (elaboración dunha programación de 1º a 6º curso que permita ao alumnado acadar competencia dixital ao rematar a etapa da EP)	- Equipo directivo - Coordinadora TIC - Representantes dos ciclos.	31/05/2023	- Espazo de reunión. - Materiais: equipos informáticos, funxible...		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO 3: (1)	Aumentar a comunicación dixital coas familias.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Uso da ferramenta ABALAR					
Valor de partida: (3)	O 5% do profesorado e o 25% emprega a ferramenta ABALAR					
Valor previsto e data: (4)	O 50% nos dous ámbitos.			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Reunións co profesorado para o uso da ferramenta ABALAR.	- Equipo directivo - Coordinadora TIC	30/09/2022	- Espazo de reunión. - Materiais: Equipos informáticos, funxibles...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Reunións coas familias por niveis para o uso da ferramenta ABALAR.	- Equipo directivo - Coordinadora TIC	31/10/2022	- Espazo de reunión. - Materiais: Equipos informáticos, funxibles...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Enquisa ao profesorado e ás familias sobre o uso da ferramenta ABALAR.	- Equipo directivo - Coordinadora TIC	30/06/2023	- Materiais: Equipos informáticos, funxibles...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Colaboración e redes.						
OBXECTIVO 4: (1)	Crear canles de comunicación e colaboración entre o profesorado do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Participación no foro de Agueiro					
Valor de partida: (3)	Non se emprega a ferramenta Agueiro					
Valor previsto e data: (4)	O 50% de participación do profesorado.			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Formación do profesorado a través dun PFP: Emprego de Agueiro.	- Coordinadora do PFP.	31/10/2022	- Espazo de reunión. - Persoal, en colaboración co CFR (relatores, ...). - Materiais (equipos informáticos, software, funxible, ...).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Posta en funcionamento dun espazo Agueiro para favorecer a comunicación entre o profesorado.	- Coordinadora TIC	31/01/2023	- Materiais: Equipos informáticos, funxibles...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: 4.3: Participación en Agueiro para favorecer a comunicación entre o profesorado.	- Profesorado	30/06/2023	- Materiais: Equipos informáticos, funxibles...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos observará o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da realización da avaliación será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final, a frecuencia da súa realización será unha vez ao curso. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

O estado da avaliación quedará reflectido nas táboas do plan de acción recollidas no apartado 3.1.

5. Difusión do plan

Oído o Claustro e aprobado no Consello Escolar, o Plan Dixital publicarase na páxina web do centro para darlle difusión entre toda a comunidade educativa.